PARLAMENTO EUROPEO

ES

**FICHA DE PRESENTACIÓN DE UNA PREGUNTA PARLAMENTARIA CON SOLICITUD DE RESPUESTA ESCRITA (Artículo 130)**

**Elegir un solo destinatario:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| PRESIDENTE DEL CONSEJO EUROPEO | ○ | CONSEJO | ○ |
| VICEPRESIDENTA / ALTA REPRESENTANTE | ○ | COMISIÓN | ◉ |
| Pregunta prioritaria | ☐ | | |

AUTOR(ES): María Lídia Senra Rodríguez

ASUNTO: (especifíquese) Mal tratamento de augas residuais da depuradora de Sarria

TEXTO:
A Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Sarria leva anos sobrepasada, pois xa no 2010 Augas de Galicia recoñeceu a necesidade de afrontar unha reforma para convertela en operativa.
As verteduras ao río Sarria son frecuentes e a contaminación derivada é alarmante, até o punto de que o presidente da Confederación Hidrográfica Miño Sil recoñeceu recentemente que a instalación incumpre os parámetros en canto a vertidos e pode ser obxecto de sancións da UE.

A problemática débese a que as instalacións non contan con capacidade suficiente para dar servizo á localidade ante o crecemento da poboación, ao que se suman filtracións das canalizacións.

Ten constancia a Comisión do mal funcionamento da EDAR de Sarria? Está tomando ou pensa tomar algunha medida por incumprimento da Directiva 91/271/CEE sobre tratamento de augas residuais urbanas de Sarria?

Tendo en conta que este problema non é unha excepción, xa que se repite en numerosas localidades nas que as EDAR, construídas con fondos europeos, non funcionan correctamente, que cantidade de diñeiro leva investido a UE na Galiza para o tratamento de augas residuais urbanas a través dos diferentes programas operativos en 2007-2013 e 2014-2020?

Firma(s):

Fecha: 15/10/2018

